SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 17/ OUTUBRO/ 2000

SUMARIO

1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA

2.- MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, DE D. ANTONIO MUÑOZ CARIÑANO, TENIENTE CORONEL MÉDICO.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as doce horas e cinco minutos do **día dezasete de outubro do ano dous mil,** baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e Dª. CECILIA PÉREZ ORGE, e asistindo o Sr. Interventor, D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Aberta a sesión pola Presidencia indícase que de conformidade co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, 210.2.b) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise preciso o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria.

Apreciada ésta o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as asistentes acordou ratifica-la urxencia da convocatoria.

2.-MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, DE D. ANTONIO MUÑOZ CARIÑANO, TENIENTE CORONEL MÉDICO.

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º 29

Serie A N.º 1175937

Pola Presidencia proponse a este Concello Pleno que se adopte acordo de condena e repulsa polo atentado terrorista de E.T.A. acaecidos en Andalucia, con resultado de morte de D. Antonio Muñoz Cariñano, Teniente Coronel Médico, así como expresar a condolencia desta Corporación ó Ministerio de Defensa e especialmente ós familiares do falecido.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á proposta antes transcrita.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as doce horas horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio vinteoito do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1175936, ata o folio vintenove Serie A nº 1175937, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE O SECRETARIO

Asdo: Xaime Rei Barreiro Asdo: Luís Torrado Vázquez

L NUMERADO
RPORACIÓNS
LOCAIS